



DATOS IDENTIFICATIVOS

Literatura medieval galega-portuguesa

Materia	Literatura medieval galega-portuguesa			
Código	V01G160V01505			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Arias Freijedo, José Benito			
Profesorado	Arias Freijedo, José Benito			
Correo-e	freixedo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Estudo dos distintos xéneros e obras da literatura medieval galego-portuguesa e contextualización no marco da literatura románica medieval.			

Competencias

Código	
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C3	Abarcar os fundamentos teóricos e aplicados que ofrecen os diferentes paradigmas lingüísticos, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas española, galega e lusófona nos seus distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
C4	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüística e literario
C6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
C7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.
C8	Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudo lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudo.
C9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.
C13	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación
D3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.
D4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
D5	Que o alumnado desenvolvese aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Coñecer as claves históricas, socioculturais, políticas, etc. que constituíron o contexto de produción da literatura medieval.	A3	C3	D3
Saber valorar na súa xusta medida a importancia da cultura popular e da cultura intelectual, así como da interrelación entre ambas, na literatura medieval. Familiarizarse cos mecanismos de difusión da cultura na Idade Media.		C6 C8 C9	D3 D4
Coñecer as obras fundamentais da literatura medieval galega e portuguesa nos seus diferentes rexistros ou xéneros. Saber identificar as concomitancias destas obras coas doutras tradicións literarias europeas, así como saber identificar e valorar as particularidades formais e conceptuais específicas de cada obra, en relación co marco literario románico en que se encadran.		C3 C4 C6	D3 D5
Saber percibir a evolución estética e/ou ideolóxica dalgunhas manifestacións literarias ao longo da Idade Media.		C3 C6 C7	D3
Coñecer e saber empregar en análises de casos concretos, os conceptos, a terminoloxía e as metodoloxías deste ámbito de estudo.	A2 A3	C3 C4 C6 C8 C9 C13	D4

Contidos

Tema

1. Contextualización xeográfica, histórica, cultural, sociolóxica e lingüística da literatura galego-portuguesa medieval.	-O espazo xeográfico, social e político. -Cultura intelectual e cultura popular. Os espazos da cultura intelectual. -A difusión da cultura na Idade Media.
2. O concepto de 'literatura' e de 'creación literaria' na Idade Media.	-Tradición e orixinalidade na literatura medieval. -Literatura para escoitar e literatura para ler. -A obra manuscrita e os azares da transmisión. -Os conceptos de autor e de xénero na Idade Media.
3. A lírica profana galego-portuguesa.	-Tradición e orixinalidade na poesía medieval. -Cuestións de poética e de retórica medieval. -Xéneros ou rexistros poéticos galego-portugueses no contexto románico. A cantiga de amor, a cantiga de amigo, a cantiga de escarnio e maldizer, outros xéneros pouco representados. -Lírica pretrobadoresca en romance. -Cronoloxía e xeografía da manifestación cultural trobadoresca galego-portuguesa. -A transmisión manuscrita.
4. A lírica relixiosa: As Cantigas de Santa Maria.	-As CSM no marco da tradición haxiográfica medieval. -Concepción e evolución do proxecto das CSM. -A cuestión da autoría das CSM. -Formas métricas e estróficas das CSM. -Estrutura interna das CSM narrativas. -Especificidade das cantigas de loor.
5. A prosa medieval galega.	-A materia antiga. -A materia de Bretaña. -A materia rolandiana.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudos/actividades previos	0	30	30
Sesión maxistral	30	20	50
Estudo de casos/análises de situacións	8	12	20
Traballos tutelados	0	20	20
Outros	8	20	28
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Estudos/actividades previos	Actividades de procura de bibliografía. Para algúns temas o profesor indicará bibliografía específica que o alumnado deberá ter lida antes da exposición teórico-práctica dos mesmos na aula.
Sesión maxistral	O profesor realizará na aula unha explicación teórica e práctica dos contidos da materia.

Estudo de casos/análises de situacións	De xeito complementario e simultáneo coas sesións maxistras, realizaranse estudos e comentarios de casos relacionados co aspecto teórico que se estea a explicar nese momento.
Traballos tutelados	Realización de pequenos traballos sobre temas do programa, supervisados polo profesor.
Outros	Lecturas, elaboración de pequenos ensaios, discusión en grupo etc.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Tanto na aula como en horas de titoría, os alumnos deberán realizar as consultas que consideren precisas sobre a materia de estudo, o traballo diario, os exercicios propostos, etc. Os alumnos deberán presentarlle individualmente ao profesor un índice do proxecto de traballo tutelado. Antes de entregar o traballo definitivo deberán presentarlle ao profesor, obrigatoriamente e de xeito individual, un borrador completamente desenvolvido do traballo.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Estudos/actividades previos	Valorarase a lectura da bibliografía previa á exposición teórico-práctica dos temas.	15			D3
Estudo de casos/análises de situacións	Valorarase a participación dos alumnos na resolución de exercicios e no comentario dos casos propostos na aula. Valorarase a elaboración de pequenos ensaios a partir de lecturas breves, etc.	20	A2 A3	C4 C7	D3 D4 D5
Traballos tutelados	Realización dun traballo escrito (8 folios) sobre un aspecto do temario.	25		C6 C8 C9 C13	D3 D4
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Realización dun exame teórico-práctico na segunda semana de xaneiro.	40		C3 C4 C6 C8	D3

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. Primeira edición das actas. Dúas modalidades de avaliación:

a. A avaliación continua (a descrita máis arriba) que inclúe un exame teórico-práctico que se realizará na segunda semana de xaneiro (40% da nota).

b. Á parte da avaliación continua, os alumnos teñen a posibilidade de optar polo sistema de avaliación única, consistente na elaboración dun traballo que se entregará na segunda semana de xaneiro (30% da nota) e na realización dun único exame teórico e práctico sobre todos os contidos da materia que se realizará en xaneiro, á volta das vacacións de Nadal (70% da nota).

Obviamente, o alumnado deberá escoller unha das dúas opcións, que serán excluíntes entre si.

Ao alumnado que opte polo sistema de avaliación continua recoméndaselle a asistencia regular ás aulas.

2. Segunda edición das actas (xullo):

Os alumnos terán só opción á avaliación única, consistente na elaboración dun traballo (30% da nota) e na realización dun exame teórico sobre os contidos da materia (70% da nota).

Importante: Sexa cal for a modalidade de avaliación e a convocatoria, é preciso participar en todas as probas propostas en cada caso.

O alumnado que opte pola modalidade de avaliación única, en calquera das dúas edicións das actas, deberá acordar o tema do seu traballo co profesor con antelación suficiente (mínimo dous meses antes da data de entrega). É responsabilidade do alumnado contactar co profesor para marcar o tema do traballo.

Bibliografía. Fontes de información

Textos (edicións e antoloxías):

-Arias Freixedo, X. B. *Antoloxía da Lírica Galego-Portuguesa*, Vigo: Xerais, 2003.

- Ferreiro, M. e C. P. Martínez Pereiro, *Cantigas de Santa Maria de Alfonso X*. Vigo: Asociación Socio-Pedagógica Galega, 1996.
- Mettmann, W. *Afonso X o Sábio. Cantigas de Santa Maria*, Madrid: Castalia, 1986-1988-1989.
- Monteagudo, H. *En cadea sen prijon. O cancionero de Afonso Paez*, Santiago de Compostela:Xunta de Galicia, 2013.
- Polín, R. *Cancioneiro Galego-Castelán (1350-1450) Corpus poético da decadencia*, Sada: Ed. do Castro, 1997.

-VV. AA. *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica*, Santiago de Compostela: CILRP, 1996.

-Chrétien de Troyes, *Lanzarote ou o cabaleiro da carreta*, (trad. de Santiago Gutiérrez), Vigo: Xerais, 2001.

-www.cantigas.fcsh.unl.pt

-Escolma de textos de prosa, que será entregada polo profesor no mes de setembro.

Estudos e manuais (dos que o profesor indicará algunhas partes de lectura obrigatoria).

Beltrán, V. *A cantiga de Amor*, Vigo:Xerais, 1995.

Brea, M. e Lorenzo, P. *A cantiga de amigo*, Vigo: Xerais, 1998.

Casas Rigall, J. *La materia de Troya en las letras romances del s. XIII hispano*, Santiago: Universidade, 1999.

Dronke, P. *La lírica en la Edad Media*. Barcelona: Seix Barral, 1996

Fidalgo, E. *As cantigas de Santa Maria*, Vigo: Xerais, 2002.

Gómez Redondo, F., *Historia de la Prosa medieval castellana*, Madrid: Gredos, 1996-97.

Gutiérrez, S. e Lorenzo, P. *A literatura artúrica en Galicia e Portugal na Idade Media*, Santiago de Compostela: Universidade, 2001

Lanciani, G e Tavani, G. *As cantigas de escarnio*, Vigo: Xerais, 1995.

Lanciani. G. e Tavani, G. (ed.) *Dicionario da literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa: Caminho, 1993.

López Carreira, A. *O Reino Medieval de Galicia*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2005.

Lorenzo Gradín, P. e Souto Cabo, J. A., *Livro de Tristan e Livro de Merlin*. Estudio, edición, notas e glosario. Santiago: CIRP/Xunta de Galicia, 2001.

Lorenzo, R. "Prosa Medieval", en *Historia da Literatura Galega, Idade Media*, v. XXX, A Coruña: Hércules de Edicións, 2000.

Oliveira, A. R. de, *Trobadores e xogares*, Vigo: Xerais, 1995.

Pallares, M^a C. e E. Portela, [Idade Media], en *Nova Historia de Galicia*, Oleiros: Ed. Tambre, 1996, pp.147-234.

Pena, X. R. *Historia da literatura medieval galego-portuguesa*, Santiago: Sotelo Blanco, 2002

Souto Cabo, J. A. *Os cavaleiros que fizeram as cantigas. Aproximação às origens socioculturais da lírica galego-portuguesa*, Niteroi RJ: Editora da UFF, 2013

Tavani, G. *A poesía lírica galego-portuguesa*, Vigo: Galaxia, 1986.

VV.AA. *História da Literatura portuguesa. Vol. I. Das Origens ao Cancioneiro Geral*, Lisboa: Publicações Alfa, 2001.

VV. AA. *História crítica da literatura portuguesa. Idade Média*, C. Reis e A. F. Días (Dirs.), 1998 (vol. I)

VV. AA. *Historia da Literatura Galega, Idade Media*, v. XXX, A Coruña: Hércules de Edicións, 2000.

Zumthor, P. *Éssai de poétique médiévale*, Paris: Editions du Seuil, 1972.

Obs: O profesor indicará na aula algunhas referencias específicas para cada un dos temas.

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente
